

Expediente núm.: 1018/2025

Acta da comisión de avaliación

Procedemento: Subvencións por Concorrenza Competitiva

Asunto: Subvencións para asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura e formación para o ano 2025

Trámite: Proposta de Resolución Provisional

Lugar de celebración: Salón de Plenos da Casa Consistorial

Data: 06 de novembro de 2025

Hora comezo: 13:20

Hora remate: 13:35

Asistentes:

Presidente: Dona Marta Giráldez Barral, Alcaldesa.

Vogais:

Don Martín Casais Doval, Concelleiro.

Don Víctor Conde Calvo, Concelleiro.

Dona María del Carmen Rey Romero, empregada pública.

Secretario: Don Francisco Javier Martínez Sánchez, empregado público.

Orde do día:

1.- Avaliación das solicitudes de subvencións municipais para asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura e formación no Concello de Meis para o ano 2025.

2.- Rolda de intervencións.

Antecedentes:

1.- En data 27 de agosto de 2025 incoase procedemento de concesión de subvencións outorgadas ás entidades en réxime de concorrencia, en concreto a convocatoria das subvencións municipais para asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura e formación no Concello de Meis.

2º.- Consta incorporado ao expediente documento contable de retención de crédito número 3221 na aplicación orzamentaria 2025/334/48003 polo importe de 14.000,00 euros, polo concepto *"Subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura e formación no Concello de Meis"*.

3º.- Mediante Decreto da Alcaldía número 2025-0504, de 28 de agosto de 2025, aprobase a convocatoria e as bases específicas das subvencións, por procedemento de concorrencia competitiva, para as asociacións e entidades que desenvolvan accións no eido da cultura e formación no Concello de Meis para o ano 2025.

4º.- Con data 29 de agosto de 2025 procedese a rexistrar as bases e a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, para a posterior publicación dun extracto de convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra número 166, de data 2 de setembro de 2025.



5º.- As solicitudes presentadas son as seguintes:

C.I.F.	ENTIDADES
G72934128	Asoc. Cultural Mulleres Rurais A Palleira
G36343184	Asoc. Banda Escuela de Música Cultural de Meis
G36288355	Asoc. Cultural Polifónica Xuntanza de Meis
G36498962	Asoc. Sociocultural A Baralla
G36197093	Asoc. Cultural A Vertula
G94115862	Asoc. Cultural Deportiva Cabaleiros de Ruta Rumba do Salnés
G36119022	Grupo Folklórico O Trevo
G94167657	Asoc. De Veciños e Veciñas de A Armenteira
G36462869	Asoc. Cultural A Croa
G36151462	C.D. Mosteiro

Deliberacións:

Co gallo do cumprimento do procedemento establecido na Lei xeral de subvencións, logo de valorar todas as solicitudes presentadas e excluír aquelas que non reúnen os requisitos para seren beneficiarias segundo as Bases da convocatoria, a presidenta fai entrega de toda a documentación do expediente para ser examinada polo órgano colexiado encargado da súa avaliación, de acordo cos criterios establecidos na Base Oitava das Bases.

O artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, indica expresamente que “A xestión das subvencións á que se refire esta Lei realizarase atendendo aos seguintes principios:

- a) *Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.*
- b) *Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.*
- c) *Eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos.”*

A concesión das subvencións ten sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria destinada para tal fin, segundo consta na convocatoria. A Base Oitava indica que os criterios que se terán en conta para a concesión das subvencións e para determinar a súa contía serán os seguintes:



Os criterios que se terán en conta para a concesión das subvencións e para determinar a súa contía serán os seguintes:

1. Repercusión da actividade: valorarase con 0,10 puntos o número de participantes nas actividades, ata un MÁXIMO de 10 puntos, sempre e cando haxa un MÍNIMO de 12 persoas. No caso de cursos, charlas e calquera outra actividade con número de participantes limitado, entregarase coa documentación xustificativa da actividade a relación de participantes con indicación do seu nome e apelidos. No caso de actuacións e actividades sen límite de aforo, farase unha estimación do público asistente, sen prexuízo de que a comisión avaliadora poida solicitar outro tipo de xustificación concreta á entidade organizadora.

2. Duración das actividades e programas: ata un máximo de 50 puntos.

Anual (3 ou máis días a semana durante 8 ou máis meses)	50 puntos
Trimestral (2 ou máis días a semana durante 3 meses)	30 puntos
Mensual (2 ou máis días a semana durante un mes)	20 puntos
Semanal	10 puntos
Inferior	5 puntos

3. Colaboración activa (gratuíta) nas actividades que organice o Concello de Meis: ata un máximo de 25 puntos.

San Bieito	5 puntos
Semana Santa	5 puntos
Nadal	5 puntos
Días especiais (letras galegas, día da muller, etc...)	1 punto por actividade ata un máximo de 10 puntos.

4. Valores especiais: Neste apartado, cun MÁXIMO de 15 puntos para o conxunto das actividades, valoraranse os seguintes criterios:

- Promoción do Concello de Meis, do seu patrimonio, historia ou tradicións propias: ata 3 puntos.
- Promoción das tradicións e cultura galegas: ata 3 puntos.
- Colaboración con outras entidades e/ou asociacións na promoción e realización de eventos solidarios: ata 3 puntos.
- Coorganización de actividades conxuntas entre 2 ou máis asociacións e/ou entidades: ata 3 puntos.
- Innovación da actividade (nova ou non realizada no concello nos 4 anos inmediatamente anteriores ó ano en que se concede a subvención): ata 3 puntos.

Acordos:

A comisión encargada da avaliación das solicitudes ten en consideración os datos achegados polas diferentes asociacións, procedendo a baremación e reparto total de axudas solicitadas, co límite máximo por entidade de 6.000,00€, elevando a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL**:

Primeiro.- Denegar a subvención solicitada ás seguintes asociacións, polos motivos que se indican:



C.I.F.	ENTIDADE	MOTIVO DE DENEGACIÓN
G94167657	Asoc. De Veciños e Veciñas de A Armenteira	Non cumpre os requisitos marcados na Base 1- actividade quen non forma parte do obxecto da subvención – Non contesta o requirimento de enmenda do Concello no prazo de 10 días hábiles outorgado
G36462869	Asoc. Cultural A Croa	Non cumpre os requisitos marcados na Base 1- actividade quen non forma parte do obxecto da subvención
G36151462	C.D. Mosteiro	Solicitud presentada fora de prazo

Segundo.- Outorgar a cada proxecto de actividades presentado polas asociacións solicitantes, os puntos que se relacionan no Anexo I, asignando a puntuación dos criterios establecidos nas bases que rexen a convocatoria.

Terceiro.- Atribuír un valor de 58,21 euros a cada punto recibido polas asociacións relacionadas no anexo I, atribuíndo os importes en función dos puntos recibidos por cada proxecto. O valor do punto e a contía da subvención pode sufrir modificacións no suposto de admisión de alegacións contra esta proposta de resolución provisional.

Cuarto.- Publicar a proposta de resolución provisional no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis (<https://meis.sedelectronica.gal>), e adicionalmente na páxina web municipal, aos efectos de que as entidades solicitantes, por medios electrónicos e nun prazo non superior a 3 días hábiles a contar dende o día seguinte á data de publicación, presenten as alegacións que estimen procedentes.

Se non se formulasen alegacións ou unha desistencia expresa no devandito prazo, entenderase que a proposta foi aceptada. A presentación de alegacións a unha proposta diferirá o trámite de aceptación ou desistencia da axuda ata que sexan resoltas as alegacións presentadas.

A proposta de resolución, previo informe da Intervención municipal, será resolta polo órgano competente no procedemento, concedendo ou denegando definitivamente a subvención.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, asinándose a presente acta polo Secretario e Presidenta da Comisión na data indicada na firma electrónica.

A PRESIDENTA DA COMISIÓN AVALIADORA
Dna. Marta Giráldez Barral

O SECRETARIO DA COMISIÓN AVALIADORA
D. Francisco Javier Martínez Sánchez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE



ANEXO I

Consonte estes criterios resulta a seguinte valoración:

NIF	ENTIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN				TOTAL PUNTOS	IMPORTE SOLICITADO €	PROPOSTA CONCESIÓN IMPORTE € (Máx. 6.000,00)
		REPERCUSIÓN	DURACIÓN	COLABORACIÓN	VALORES ESPECIAIS			
G72934128	Asoc. Cultural Mulleres Rurais A Palleira	1,5	10	5	1+1	18,5	1.150,00	1.076,92
G36343184	Asoc. Banda Escuela de Música Cultural de Meis	3,4	50	5	3+3+3	67,40	6.000,00	3.923,49
G36288355	Asoc. Cultural Polifónica Xuntanza de Meis	4	10	-	3+1+1	19	-	1.106,03
G36498962	Asoc. Sociocultural A Baralla	10	5	-	3+3+3+3+3	30	6.000,00	1.746,36
G36197093	Asoc. Cultural A Vertula	6	50	1+1	3+3+3+3+3	73	7.509,03	4.249,48
G94115862	Asoc. Cultural Deportiva Cabaleiros de Ruta Rumba do Salnés	5	5	1	1+1	13	-	756,76
G36119022	Grupo Folklórico O Trevo	0,6	10	5+1	1+1+1	19,60	576,00	576,00

